



MEMORIA DE ACTIVIDADES

Instituto da Lingua Galega
2006

Edita
Instituto da Lingua Galega
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Teléfonos
981 56 31 00 ext. 12815/12810/12802
Fax
981572770
Enderezo web
www.usc.es/ilgas

Maquetación
María Vilasó Martínez

Universidade de Santiago de Compostela, febreiro 2007

Limiar

O INSTITUTO DA LINGUA GALEGA É UN CENTRO UNIVERSITARIO DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA CREADO EN 1971 POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CO NORTE DE PROMOVER O CULTIVO E NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA E DE PROGRESAR NA SÚA INVESTIGACIÓN SINCRÓNICA E DIACRÓNICA.

O Instituto da Lingua Galega é un centro universitario dedicado ao estudo e promoción da lingua de Galicia, con preto de catro décadas de traballo ininterrompido, o que o converte nun dos institutos de investigación máis antigos dos creados pola Universidade de Santiago de Compostela e, en definitiva, do mapa universitario galego. A acta fundacional, que contén os seus primeiros estatutos, é do 26 de xullo de 1971. Á sesión constituínte do padroado, celebrada no Salón Reitoral baixo a presidencia de Manuel García Garrido (Reitor), asistiron os seguintes señores: Constantino García González (Catedrático de Filoloxía Románica, que sería nomeado Director), Manuel Díaz y Díaz (Catedrático de Filoloxía Latina, Subdirector), Ricardo Carballo Calero (representante do Centro de Estudios Fingoi, Secretario), Xosé F. Filgueira Valverde (representante do Instituto Padre Sarmiento), Marino Dónega Rozas (representante da Real Academia Galega), Xerardo Fernández Albor (representante da Fundación Penzol), Xoaquín Arias Díaz de Rábago (representante da Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de

Fenosa”) e Ramón Otero Túñez (Decano da Facultade de Filosofía e Letras). Desde o ano 1984, o Instituto da Lingua Galega ocupa o edificio histórico coñecido como Edificio López Ferreiro.

O ILG cumpre os requisitos establecidos no artigo 58º dos Estatutos da USC vixentes, relativo aos Institutos Universitarios: é un centro destinado á investigación científica e técnica da lingua propia de Galicia, presta asesoramento técnico sobre esta materia, promove a formación científica e técnica neste ámbito, organiza cursos e encontros de carácter científico e está capacitado para realizar actividades docentes especializadas e de doutoramento. Consonte o espírito de colaboración institucional e de cohesión do tecido intelectual que o anima desde os seus inicios, o ILG mantén relacións de colaboración continuada con distintos organismos e entidades, galegas e foráneas: Asociación Galega de Onomástica; Asociación Internacional de Estudos Galegos; Asociación de Tradutores Galegos; Centre de Dialectologie da Université Stendhal-Grenoble III; Centro de Lingüística da Universidade de

Lisboa; Centro de Supercomputación de Galicia; Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia; Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; Consellería de Innovación e Industria; Consello da Cultura Galega; departamentos de filoloxía galega das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña; Federación Galega pola Cultura Marítimo-Fluvial; Fundación Pedro Barrié de la Maza; Galicien-Zentrum da Universidade de Trier; Museo do Mar de Galicia; Museo do Pobo Galego; Real Academia Galega; Secretaría Xeral de Política Lingüística; Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo, entre outros.

Os obxectivos do Instituto da Lingua Galega, declarados desde a súa fundación e anovados na última redacción do seu regulamento de réxime interno, son:

- Desenvolver a investigación científica e técnica no campo da lingüística e filoloxía galegas.
- Poñer á disposición da comunidade de investigadores e da sociedade en xeral os resultados das investigacións realizados no instituto.
- Promover o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas que poidan ser de aplicación para a investigación sobre a lingua galega e para a difusión dos seus resultados.
- Realizar actividades docentes de doutoramento, de posgrao e de especialización relacionadas coa lingua galega, en coordinación co Departamento de Filoloxía Galega da USC.

mento de Filoloxía Galega da USC.

- Desenvolver actividades de especialización e de formación continua dirixidas a profesionais relacionados coa lingua galega, en especial no eido do ensino non universitario e dos medios de comunicación.

- Prestar asesoramento técnico a institucións e persoas relacionadas coa normalización da lingua galega, e dun modo especial aos membros da USC.

- Promover e colaborar na organización de debates, xornadas, congresos, reunións científicas, seminarios e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.

- Contribuír á normalización da lingua galega na sociedade.

Como Directora do ILG comprácame presentar a Memoria de 2006, que recolle a actividade do ILG durante este ano, consonte as liñas programáticas presentadas á nosa Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 17 de xaneiro de 2006. As expectativas de renovación tecnolóxica e metodolóxica, de cohesión interna dos equipos integrados no ILG e de proxección externa do labor realizado vense reforzadas pola sinatura de diversos convenios de cooperación, pola concesión de importantes axudas en convocatorias públicas e, de maneira substancial, pola consideración de grupo de excelencia no marco do programa para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (Xunta de

Galicia). Naturalmente, os resultados de investigación e os froitos destas novas posibilidades veranse de maneira máis efectiva, a curto e medio prazo, nas memorias dos anos sucesivos.

Como Directora, agradezo a cooperación entusiasta de todos os membros do ILG. En nome do seu Consello Científico agradezo a confianza que distintas institucións e organismos,

públicos e privados, depositan en nós ano tras ano e, de maneira moi sentida, a alta consideración en que a sociedade galega ten o noso traballo. Agradecemos, vivamente, todas as contribucións económicas e materiais, sen as cales nada disto sería posible. A anada que se recolle nesta memoria aspira a corresponderlles en xusta medida.

Actividades desenvoltas no ano 2006

Sección de Dialectoloxía e Xeografía Lingüística

Arquivo do Galego Oral


Durante este ano continuouse preparando a edición dos textos do *Atlas Lingüístico Galego* e redactando o glosario deses textos, a cargo de Francisco Fernández Rei e Carme Hermida. Tamén se proseguíu transcribindo e informatizando textos orais gravados nos últimos anos, especialmente relacionados coa cultura marítima. Algúns textos do Arquivo do Galego Oral usá-

ronse como material complementario na elaboración do TAD *Historias de vida. As costureiras*, que M^a Mercedes Vega Cerqueiro presentou na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC en setembro de 2006. O traballo, dirixido por Carme Hermida, foi cualificado con Matrícula de Honra.

Dialectometría das variedades xeolingüísticas do galego

O obxectivo principal da investigación é realizar unha descrición dialectométrica das variedades xeolingüísticas do idioma galego. A investigación permitirá coñecer de maneira máis obxectiva e con maior fondura a proximidade entre as variedades xeolingüísticas, as áreas de cambio e transición entre as variedades, as zonas de xeración de cambios lingüísticos, as áreas máis permeables e as máis resistentes aos cambios. Os resultados do estudo permitirán tamén realizar unha proposta de clasificación das variedades que atenda a distintos trazos lingüísticos (fonética, morfoloxía, sintaxe e léxico) e a todos eles en conxunto. O equipo investigador encargado do proxecto procura ofrecer unha descrición das variedades lingüísticas xeográficas da lingua

galega que aproveite as novas técnicas de análise dialectométrica.



Os datos éditos e inéditos do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) comezaron a transformarse para poder ser tratados estatisticamente. Durante o ano 2006 apareceu a publicación que contén o traballo de Xulio Sousa "Clasificación

IP

Francisco Fernández Rei

Equipo

Carme Ares Vázquez
Francisco A. Cidrás Escáneo
Henrique Costas González
Carme García Rodríguez
Carme Hermida Gulías
Eduardo M. Moscoso Mato
Xavier Varela Barreiro

Financiamento

sen financiamento externo específico

Páxina web

www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php

IP

Xulio C. Sousa Fernández

Equipo

Rosario Álvarez
Francisco X. Dubert García

Financiamento

Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2006-06907)

dialectométrica das variedades xeográficas do galego” (en *I Encontro de estudos dialectolóxicos*) e tamén a contribución de Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa “Isoglosas fonéticas, morfolóxicas e léxicas no territorio lingüís-

tico galego” (en *Lingua e territorio*).

O investigador principal do equipo colaborou no programa de posgrao do Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia cun curso sobre técnica de análise dialectométrica.

Atlas Lingüístico da Península Ibérica (ALPI) Galicia

No primeiro cuarto do século XX o eminente filólogo Ramón Menéndez Pidal (A Coruña 1869—Madrid 1968) concibiu a idea de elaborar un atlas lingüístico das linguas románicas da Península Ibérica. A dirección do proxecto foille encomendada ao seu discípulo e alumno Tomás Navarro Tomás. No ano 1934 e co auspicio do Centro de Estudios Históricos, tres grupos de investigadores comezan a realizar o traballo de recollida dos materiais. O cuestionario utilizado contiña 1244 preguntas e os tres equipos repartíronse os 528 puntos do territorio ibérico: Aurelio M. Espinosa e Lorenzo Rodríguez Castellano a área castelá, Francesc de Borja Moll e Manuel Sanchis Guarner a área valenciano-catalá e Aníbal Otero e Rodrigo de Sa Nogueira encargáronse das áreas galega e portuguesa. O noventa por cento dos materiais das enquisas recolleuse entre 1931 e 1935, e entre 1947 e 1954 completouse o resto. A historia dos materiais tivo un decorrer azaroso e moi desafortunado. En 1939 Navarro Tomás deixa España e leva canda el os materiais do ALPI.

En 1951 os cuestionarios regresan a España e pasan a formar parte do fondo do Consejo Superior de Investigaciones Científicas en Madrid. Durante aquel tempo Menéndez Pidal continuou animando os seus colaboradores para que rematasen as enquisas que faltaban e comezasen o traballo de edición dos mapas e comentarios. A pesar dos seus esforzos e do traballo dos seus discípulos só se editou o primeiro tomo, coordinado por Manuel Sanchis Guarner, Lorenzo Rodríguez Castellano e Aníbal Otero (*Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, Madrid: CSIC, 1962, tomo I, Fonética).



Aníbal Otero (1911-1974)

IP
Xulio C. Sousa Fernández

Equipo
Rosa Mouzo Villar
David Rodríguez Lorenzo

Financiamento
sen financiamento externo específico

No territorio administrativo galego encóntranse 53 puntos de enquisa do *ALPI*. O investigador Aníbal Otero (Ribeira de Piquín 1911–1974) foi o encargado da recollida dos materiais no territorio galego, axudado nalgúns localidades polo estudoso portugués Armando Nobre de Gusmão. O traballo de campo en Galicia completouse antes da Guerra Civil e foi incorporado na redacción do primeiro tomo publicado en 1962.

O ILG comezou este ano o traballo de informatización dos materiais correspondentes aos puntos galegos do *ALPI*. Na primeira fase deste proxecto introduciranse nunha base de datos as respostas dos 53 puntos galegos en transcricións fonética, grafemática e con grafía convencional. Nas fases

posteriores do traballo elaborárase unha cartografía de todos os datos. O obxectivo final será ofrecer estes materiais nunha edición impresa e tamén por medio dunha aplicación web. Os materiais do *ALPI* conteñen unha información lingüística e etnográfica de gran riqueza e que para o caso do galego resulta insubstituíble. A investigación lingüística sobre o galego tivo os seus inicios en tempos moi recentes, por esta causa a maioría das descricións e análises de falas galegas son posteriores aos anos setenta. Os cader nos do *ALPI* ofrecen unha imaxe moi completa e detallada das variedades lingüísticas galegas do primeiro terzo do século XX que axuda a comprender mellor a historia lingüística e cultural de Galicia.

Texto4: #/Nombre? Texto5: #/Nombre?

Subformulario Resposta ALPIG

Número	Resposta Orto 1	Lema 1	Resposta Orto 2	Lema 2	Resposta Orto 3	Lema 3	Nota	T
100	choza	choza					Non hai para pastores. Directa.	
100	chabola	chabola	choza	choza			"chabola", casa pequena	
100	choza	choza					Directa. Non hai.	
100	chabola	chabola						
100	choza	choza						
100	choza	choza					Directa. Habiaas antes, cara arriba.	
100	gabarra	gabarra						
100	uberto	uberto						
100	choza	choza						
100	choza	choza						
100	chabola	chabola	choza	choza			"choza" na vila	
100	choza	choza					Casa ruín.	
100	choza	choza						
100	chabola	chabola						
100	chabola	chabola	choza	choza			"chabola" máis corrente, con tella; "choza" con tella.	
100	casopa	casopa					Tápase con xestas = choza	
100	parrocha	parrocha					Maíor "choza".	
100	choza	choza						

Registro: 14 566 de 66782

Subformulario Localidades ALPI Galicia1

Núm.	Localidade	Parroquia	Concello	Prov.
100	Sismundi	Santo Estevo	Caníño	A Coruña
101	Valdoviño	Santalla	Valdoviño	A Coruña
102	Miño	Santa María	Miño	A Coruña
103	Oleiros	Santa María	Oleiros	A Coruña
104	Abegondo	Santaia	Abegondo	A Coruña
105	Aranga	San Paio	Aranga	A Coruña

Registro: 14 1 de 53

Subformulario Cuestionario ALPIG

número de	pregunta castelán	pregunta galego	Id
1	reina	raíña	1
2	fraile	frade	2
3001	Debe tres pesetas (e)	Debe tres pesetas (e)	3
3002	Tuvo suerte en la guerra (é)	Tivo sorte na guerra (é)	4
3003	Lo sacó del pozo (o)	Sacouno do pozo (o)	5
3004	El cordón de la bolsa (ó)	O cordón da bolsa (ó)	6
1000	Una casa muy bonita (m)	Unha casa moi bonita (m)	7

Registro: 14 1 de 1276

Arquivo do léxico dialectal galego e portugués

O obxectivo é ofrecerlles aos investigadores e ao público xeral unha ferramenta electrónica que permita localizar a xeito de base de datos e na representación cartográfica o léxico dialectal do galego e do portugués. A este arquivo incorporáranse o léxico tirado de monografías dialectais e tamén doutras fontes, nomeadamente as bases de datos dos atlas lingüísticos galego e portugués (*ALGa* e *ALEP-G*) e o Tesouro Dialectal do ILG (agora en papel).

Os traballos do proxecto iniciáronse en outubro de 2006 de forma experimental. No inicio seleccionáronse nove monografías inéditas con forma-

to de glosario léxico, representativas das principais variedades galegas. O texto destas monografías converteuse a formato electrónico, por medio do escáner ou da mecanografía. Xa se deseñou unha base de datos provisional e iniciouse a introdución dos datos dos primeiros textos. Está en tramitación un convenio específico de colaboración entre o ILG e o Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa (Universidade de Lisboa). Tamén se iniciaron os contactos para incorporar ao proxecto investigadores do Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia.

IP

Rosario Álvarez Blanco
Xulio C. Sousa Fernández

Equipo

Xandra Santos Palmou

Financiamento

sen financiamento externo específico

Atlas Lingüístico Galego

Durante o ano 2006 continuouse co desenvolvemento dos traballos de preparación e elaboración dos novos volumes do *ALGa* correspondentes ao léxico. A continuación detállanse os traballos realizados para cada unha das seccións do proxecto.

Volume V: O ser humano (I)

Coordinadores: Rosario Álvarez, Francisco Dubert, Xulio Sousa.

O volume V foi publicado neste ano e presentado o día 20 de xullo de 2006. Este volume consta de 297 mapas e notas, un índice de mapas e un índice de máis de 9.000 formas recollidas nos mapas.



Atlas Lingüístico Galego. Volume V. Léxico. O ser humano (I). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 2005. 587 páxinas.

Directores

Constantino García González
Antón Santamarina Fernández

Investigadores

Rosario Álvarez Blanco
Francisco Dubert García
Francisco Fernández Rei
Manuel González González
Carme Hermida Gulías
Xulio C. Sousa Fernández

Equipo

Raquel Alonso Parada
Irene Bravo Pérez
Noa Pérez González
Sara Pino Ramos
David Rodríguez Lorenzo
María Vilasó Martínez
Dolores Villanueva Gesteira

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e subvención da Fundación Pedro Barrié de la Maza

Volume: O ser humano (II) e (III)

Coordinadores: Rosario Álvarez, Francisco Dubert, Xulio Sousa.

Equipo: David Rodríguez Lorenzo, Dolores Villanueva Gesteira.

Durante este ano continuouse coa introdución e revisión das preguntas correspondentes a estes dous volumes. Realizouse un reparto previo das preguntas en dous grupos. Están introducidas e revisadas na base as preguntas correspondentes ao tomo II.

Volume: léxico agrícola

Coordinador: Manuel González González.

Equipo: Sara Pino Ramos, María Vilasó.

Comezouse coa primeira fase de corrección dos mapas que formarán parte do primeiro tomo. Están revisados e preparados para unha segunda revisión 200 mapas.

Volume: léxico do hábitat (Terra, plantas e árbores)

Coordinador: Francisco Fernández Rei.

Equipo: Irene Bravo Pérez, Noa Pérez González, Raquel Alonso Parada e Carme Hermida.

Os materiais correspondentes á parte “Terra” están preparados e revisados na segunda versión de todos os mapas relativos a accidentes topográficos, o espazo e as súas relacións.

Da sección “Plantas e árbores” fíxose a primeira versión de todos os mapas. Ademais, xa se conta cunha segunda versión revisada de parte dos mapas. O traballo realízase baixo a coordinación de Francisco Fernández Rei.

Atlas Linguistique Roman

O proxecto do *Atlas Linguistique Roman* (ALiR) nace en 1987, por iniciativa do Centre de Dialectologie da universidade francesa de Grenoble, co obxectivo de redactar un atlas de segunda xeración, interpretativo, que ofrezca unha visión de conxunto de toda a Europa de fala romance. Para tal fin, elaborouse unha rede de 1037 puntos por todo o territorio e seleccionáronse 592 nocións léxicas, 284 trazos fonéticos e 43 morfosintácticos, que se estudarán nos 11 volumes previstos para a obra. Cada concepto represéntase nun ou varios mapas e vai acompañado dun

comentario que analiza e clasifica as formas recollidas, atendendo a diferentes aspectos (motivación, distribución xeográfica e estratigráfica das diferentes designacións, etnografía, etimoloxía, etc.).

Actualmente participan neste proxecto case 100 especialistas de máis de trinta universidades e organismos de investigación de oito países europeos (Bélxica, España, Francia, Italia, Portugal, Moldavia, Romanía e Suíza), reunidos nunha serie de comités nacionais, segundo o dominio lingüístico. Ademais, existe un Comité de Redacción e un

Coordinador do Comité Galego
Manuel González González


Investigador

Xosé A. Álvarez Pérez

Financiamento

o proxecto global contou, entre outras, coa axuda da Unión Europea e do Centre National de la Recherche Scientifique. Non existe financiamento específico para o comité galego.

Comité de Dirección. Cada un dos comités nacionais é o responsable de recoller os datos correspondentes ao seu territorio para un determinado concepto (sínteses nacionais), que son centralizados en Grenoble para o seu envío ao(s) responsable(s) da redacción do capítulo do Atlas correspondente a toda a Romania (síntese románica). Unha vez elaborada, a síntese románica envíaselles aos membros do Comité de Redacción para a súa revisión; con posterioridade, faise a redacción definitiva e continúaase co proceso editorial.



Os distintos membros do proxecto reúnen-se con periodicidade anual en sesións plenarias de traballo, para presentar o estado dos seus traballos, someter a discusión as súas hipóteses, planificar as investigacións futuras, etc. Actualmente, xa están publicados dous volumes (1. Presentación e 2a. Insectos e pequenos animais salvaxes) e o volume 2b. (continuación do volume anterior) ten prevista a saída do prelo a comezos do ano 2007.

O comité galego do ALiR ten a súa sede no Instituto da Lingua Galega

(USC) e está coordinado polo Prof. Manuel González González, que é tamén membro do comité de redacción. Durante o ano 2006, o comité participou no proceso de corrección das probas do volume 2c., no que aparecerán dúas sínteses románicas redactadas por Xosé Afonso Álvarez. Actualmente trabállase tamén na redacción da síntese romance *bleuet* (a cargo de Manuel González). Participouse activamente no Congreso Internacional celebrado en Italia a fins de setembro de 2006 que reúne fundamentalmente a membros do equipo de redacción e serve tamén de reunión de traballo.

É tamén responsabilidade do comité galego a elaboración dunha base de datos na internet que recolla todo o material do ALiR a medida que se vaia analizando, o que permitirá por a disposición da comunidade científica internacional unha impresionante cantidade de material útil a dialectólogos, etimólogos ou historiadores da lingua, pero tamén a lingüistas sincrónicos, etnógrafos, etc. No congreso de setembro de 2006 e nunha reunión de traballo en Grenoble en outubro aprobouse a estrutura final da base de datos, que será difundida proximamente entre os comités nacionais. Ao comité galego correspóndelle coordinar o funcionamento deste proceso, revisar a información que se introduza na base de datos e mantela actualizada.

IP

Elisa Fernández Rei

Equipo

Ana Belén Escourido Pernas

Manuel González González

Sonia Gómez Castro

Xosé L. Regueira Fernández

Financiamento

Ministerio de Educación y
Ciencia (HUM2005-08282)

Sección de Fonética e Fonoloxía

AMPER (Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman)

O obxectivo do proxecto é confeccionar un atlas multimedia que permita consultar, a través da internet, os datos acadados sobre o estudo da prosodia nas distintas linguas románicas. A coordinación xeral do proxecto é responsabilidade dos profesores Michel Contini e Antonio Romano do Centre de Dialectologie da Université Stendhal-Grenoble III (Francia). Porén, para abranguer mellor a totalidade do espazo da Romania, fóronse incorporando distintos equipos de investigación multidisciplinares en varios dominios lingüísticos. Para o dominio galego, creouse AMPER-Galicia (coordinado pola profesora Elisa Fernández Rei) que se encarga do estudo das diferentes variedades dialectais do galego, fundamentalmente a través da gravación de distintos informantes e a análise dos principais índices acústicos da prosodia (F0, duración e enerxía). Durante o ano 2006 desenvolvéronse as seguintes accións:

a) Fixéronse gravacións a unha muller e un home da Cruz do Incio (Lugo).

b) Analizáronse totalmente as gravacións realizadas en 2005 a unha muller de Camelle (Camariñas, A Coruña) e parcialmente as mostras recollidas no Incio (Lugo) en 2006.

c) En outubro de 2006 Manuel González, Elisa Fernández e Ana Escourido acudiron á *Workshop Internacional III Jornadas Científicas del Proyecto Amper* que se celebrou na Universidad de La Laguna (Tenerife), onde se presentaron resultados de proxecto; así mesmo, asistiron á reunión anual para a coordinación de todos os comités do AMPER.



Descrición e estudo dos modelos entoativos no galego actual

Este é un subproxecto vinculado ao proxecto “La entonación en el noroeste de la península ibérica: contribución al *Atlas Multimédia prosodique de l'Espace Roman* (AMPER)”. Os investigadores participantes no subproxecto colaboran

de maneira preferente co equipo correspondente da Universidad de Oviedo. Existe tamén unha colaboración continua cos centros integrantes do proxecto AMPER, que se concreta en diversas publicacións conxuntas.

IP

Manuel González González

Financiamento

Ministerio de Educación y
Ciencia (HUM2005-08282)

Vocabulario fonético do galego

O obxectivo deste proxecto é determinar unha forma fonética para cada palabra do galego, que poida servir como modelo para empregar como forma estándar, sexa no ensino, nos medios de comunicación, etc. Para este fin empréndese unha investigación dialectolóxica para coñecer as diferentes variantes das palabras do léxico patrimonial, e asemade realízanse enquisas orientadas sobre todo a determinar as realizacións posibles dos cultismos no galego actual en falantes de formación universitaria. Atendendo aos criterios utilizados para a selección de formas estándar na lingua escrita, propónse un modelo de pronuncia.

No ano 2006 revisáronse as transcricións das aproximadamente 45.000 voces tratadas (as incluídas no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*), e estudáronse varios centos de problemas pendentes, buscando máis información e cotexando con outras solucións adoptadas para buscar toda a coherencia posible. Na actualidade a base de datos está practicamente rematada e está sendo sometida a unha última revisión. Existe un borrador de introdución, con exposición dos criterios seguidos, que está sendo revisado.

Sección de Gramática

Gramática xeral descritiva do galego moderno

O obxectivo é describir a gramática do galego moderno, entendendo por tal o dos séculos XIX-XXI. O adxectivo xeral fai referencia á vontade de non se limitar ao galego estándar escrito, integrando na descrición as variantes xeográficas, cronolóxicas, sociais e estilísticas comprobables na actualidade.

A investigación do equipo organízase en dous eixes: completar a descrición gramatical do galego, con investigación propia e incorporando os avances na investigación lingüística producida nas últimas décadas; integrar a variación na descrición, o que implica nalgúns casos

a detección e análise de variantes non sempre ben coñecidas ou tidas en conta ata o presente. Non de raro, esixe a investigación gramatical en épocas precedentes, pois mostra lagoas que é preciso encher para alicerzar ben a descrición do galego moderno.

O proxecto e a configuración do equipo foron presentados en 1996, no seo do congreso que conmemorou o 25º aniversario do ILG (R. Álvarez et alii., “Dous proxectos de gramática descritiva”). Con ou sen subvencións externas, o traballo do equipo nunca foi interrompido e ve a luz en forma de artigos,

IP

Xosé L. Regueira Fernández

Equipo

Carme García Rodríguez

Carme Hermida Gulías

Antón López Dobao

Xosé Pérez Sardiña

Xulio C. Sousa Fernández

Financiamento

sen financiamento externo específico

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

Xosé L. Regueira Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

sen financiamento externo específico

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

María Pereira Maceda

Xosé L. Regueira Fernández

Xulio C. Sousa Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

sen financiamento externo específico, agás a bolsa da RAG

capítulos de libro ou participacións en congresos.

Durante o ano 2006 o equipo está orientado á redacción da gramática da RAG, que en boa medida se nutre dos

resultados presentes e pasados deste proxecto. Con todo, este labor non interrompe a cadencia de publicación de traballos parciais dos membros do equipo.

Diccionario de construcións verbais galegas

O proxecto ten como finalidade a descrición das estruturas sintácticas oracionais do galego a partir do verbo; o corpus de que se parte consta duns 100.000 rexistros seleccionados de entre o material ofrecido polo Tesouro Informatizado da Lingua Galega. Para os constituíntes de cada oración establécese a función sintáctica, algunhas características semánticas e o tipo de unidade que a manifesta, coas particularidades formais que presenta en cada oración. Ademais destas infor-

macións, a base de datos coa que se traballa contén sempre a acepción semántica do verbo estudado, a secuencia completa de todos os constituíntes da oración da que é núcleo o verbo e o esquema sintáctico dos constituíntes requiridos polo verbo nesa oración. Esta descrición permitirá un uso moi amplo, e en sentidos diferentes, da base de datos. Á parte desta utilidade xeral da base, o obxectivo primeiro do equipo céntrase na descrición dos verbos galegos tanto no relativo

ás acepcións coma no que se refire ás construcións sintácticas, con vistas á elaboración dun dicionario de verbos, que á súa vez se encaixa dentro dos traballos realizados no seo do ILG para a realización dun dicionario xeral do galego.

Gramática contrastiva portugués-galego

O obxectivo último é a redacción dunha gramática contrastiva fundamental do galego e do portugués europeo que facilite a comprensión e adquisición dunha lingua polos falantes da outra e, asemade, describa as diferenzas entre ambas, en evitación de confusións e interferencias non desexables.

O proxecto naceu ao abeiro da Cátedra de Galego da Universidade de Lisboa en 1996, cun equipo formado por dous investigadores galegos (membros do ILG) e dúas investigadoras portuguesas, docentes na Universidade de Lisboa.

Gramática da Lingua Galega

O equipo constituído no ILG recibiu do plenario da RAG o encargo de redactar a gramática desta institución. Proponse unha gramática descritiva do galego estándar que, por ser a gramática da RAG, será inevitablemente entendida por amplos sectores sociais como unha gramática normativa, o que lle confire unhas características especiais. Diríxese

Durante o ano 2006 foron analizados e procesados os rexistros de 10 verbos (*comezar/comenzar, iniciar, empezar, principiar, rematar e acabar; falar, chamar e dicir*), que supoñen un total de 6.455 ocorrencias no corpus.

Os resultados parciais, que aínda non viron forma de libro, son empregados na docencia da materia “Lingüística contrastiva galego-portuguesa” (USC) e en cursos de mestrado ou doutoramento. De forma periódica, tamén ven a luz en forma de artigos e comunicacións en congresos.

A docencia da materia citada, optativa na titulación Filoloxía Galega (USC), obriga a arrequentar anualmente a descrición. No ano 2005-06 atendemos de forma especial o contraste no xénero dos substantivos.

a un público amplo con certo nivel cultural, como corresponde aos usuarios de gramáticas en todas as sociedades, ao que debe orientar sobre novas formas de expresión e sobre a corrección lingüística, ao tempo que explica como é e como se comporta a lingua.

O proxecto foi presentado publicamente no marco do simposio *Variación*

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Isabel Leiria (Univ. de Lisboa)

Maria Antónia Mota (Univ. de Lisboa)

Xosé Xove Ferreiro (ILG)

Financiamento

sen financiamento externo específico

IP

Rosario Álvarez (membro do ILG, académica numeraria da RAG e Directora do Seminario de Gramática da RAG)

Equipo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

Xosé L. Regueira Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

convenio coa RAG

e prescripción (Simposios ILG 2003). Nel foron expostos tamén os criterios do equipo na difícil tensión entre descrición e prescripción (vid. R. Álvarez / H. Monteagudo [2004]: *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o galego*. Santiago de Compostela: CCG/ILG).

Os cinco membros do equipo teñen encomendadas as súas partes desde o inicio. Tamén están fixados os criterios xerais. Os autores adiantan na redacción dos capítulos correspondentes,

que se someten á consideración crítica e á aceptación dos outros membros, sen prexuízo de posteriores revisións. Non é doado cuantificar o volume da obra feita, pois os capítulos atópanse en diferentes fases dun proceso de elaboración complexo. Neste momento, a redacción desta gramática está no centro da atención gramatical dos membros do equipo.

Sección de Historia da Lingua

Edición de coleccións diplomáticas dos mosteiros galegos

O proxecto continuou este ano co traballo de edición dos fondos documentais do mosteiro de Oia (Pontevedra). Os labores fundamentais desenvolto foron:

a) Primeira lectura e transcripción das fontes (19 documentos novos liídos neste ano)

b) Relectura de corrección para cotexar datos e estilos dos diversos notarios e completar lecturas dubidosas (99 documentos durante o 2006). Esta relectura non é lineal, consiste nunha continua revisión dos documentos xa transcritos utilizando os datos que van xurdindo ao transcribir os novos documentos.

c) Edición das imaxes dos documentos dixitalizados: 359 imaxes tratadas.

d) Baleirado dos datos relevantes de cada documento nunha base de datos.

e) Localización de máis documentos pertencentes a este mosteiro e redactados en galego con data posterior a 1506 (58 documentos).

Ademais proseguíuse coa localización dos documentos xa editados coa finalidade de cotexar as propias lecturas e evitar as lagoas producidas por documentos perdidos, fotocopias mal clasificadas, etc. Tamén se traballou na localización dos documentos orixinais co propósito de completar a colección e o uso dos microfilmes para depurar as lecturas. O gran volume da documentación deste mosteiro, que ascende a 1.288 documentos, e mais o estado moi deficiente de

IP
Ramón Lorenzo Vázquez

Equipo
M^a Carme Pérez González

Financiamento
convenio coa Secretaría Xeral
de Política Lingüística

conservación provocan que o ritmo de lectura sexa lento. Quedan aínda uns 380 documentos para editar, dos cales 273 están aínda por transcribir e o resto por reler.

Edición paleográfica de obras medievais


O proxecto de edición das *Cantigas de Santa María* púxose en marcha a mediados de 2005. Ao comezar 2006 estaba feita unha boa parte da transcripción dos catro códices das *Cantigas de Santa María* (CSM) (Códice de Toledo, Códice Rico, Códice de Florencia e Códice Escorialense). Ao longo de 2006 completouse a transcripción e iniciouse a serie de revisións necesarias para o establecemento da edición paleográfica definitiva. Queda feita a primeira revisión, realizada con intercambios mutuos para cada códice polas persoas que interviñeron na transcripción inicial. Quedan pendentes para 2007 dúas novas revisións que deberán conducir o equipo á realización da edición crítica. X. Varela e E. Fidalgo teñen para publicar unha edición da Cantiga de Valcavado. Tamén se elaborou unha proposta de criterios de edición que nestes momentos está sendo estudada e que presidirá os traballos para a edición crítica.

No terreo da lírica profana, a moito menor escala, estase traballando na transcripción paleográfica dos Cancioneiros apógrafos italianos do XVI. O núcleo de traballo fórmalo Xavier

Ademais realizouse a revisión final da pre-edición dos documentos do mosteiro de Montederramo co obxectivo de mandalo ao prelo de modo inminente.

Varela e María Xosé Carrera Boente. No que vai de ano teñen feita a transcripción das 100 primeiras páxinas do *Cancioneiro da Vaticana* (CV).

Ao longo deste ano continuou traballando Ricardo Gutiérrez Pichel na súa edición da *Historia troiana* (HT). Inscríbese no marco do seu proxecto de tese de doutoramento, que realiza baixo a dirección de Xavier Varela e Ramón Mariño.



Na segunda metade de 2006 realizouse a transcripción paleográfica do *Tratado de Albeitaria* (TA) (s. XV). Fíxose no marco do curso de doutoramento “Gramática histórica galega. Cuestións de fonética e morfosintaxe”, impartido por Xavier Varela. Realí-

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Fabio Angelli (LAMG)

Mariña Arbor Aldea

María Xosé Carrera Boente (CV)

Elvira Fidalgo Francisco (CSM-E)

Ricardo Gutiérrez Pichel

(CSM-To-T-F-E, TA, HT)

Ramón Mariño Paz (CSM-T-F)

Paulo Martínez Lema (CSM-T-F-E, TA)

Financiamento

sen financiamento externo específico

zouse xa unha revisión da primeira metade e está pendente a revisión da segunda. Está previsto facelo no ano 2007 na nova edición dese mesmo curso de doutoramento.

A tradución portuguesa desta obra, o *Tratado de Alveitaria* de mestre Girardo (feita en tempos de D. Denis e conservada nunha copia do s. XV) (TAMG), está sendo obxecto de edición por Fabio Angelli como TIT dirixido por Xavier Varela. Durante o ano 2006 comezouse a transcripción, mais non foi posible avanzar tan axiña como se esperaba e nestes momentos aínda non está rematada a transcripción paleográfica.



Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro de Ajuda

No 2006 constituíuse no ILG un equipo, coordinado por Xavier Varela, para realizar, nun prazo de tres anos, o estudo lingüístico e paleográfico do único cancioneiro colectivo conservado do noso período trobadoresco, o Cancioneiro da Ajuda. Ao tempo que se foi establecendo un plan, un calendario e un reparto do traballo solicitouse subvención á Consellería de Innovación e Industria a través do seu Programa de Promoción Xeral da Investigación na convocatoria de 2006. Esta solicitude foi aprobada e o equipo continúa levando ao cabo os traballos consonte o plan previsto inicialmente e a día de hoxe están finalizadas unha boa parte das tarefas

previstas para o primeiro ano. O plan xeral comprende:

1. Fixación do texto (versións paleográfica, pospaleográfica, preinterpretativa e interpretativa). Pártese de edición paleográfica propia, realizada por Mariña Arbor.
2. Construción do corpus informatizado (fabricación dun modelo informático de xestión textual por estratos relacionables; elaboración da DTD e aplicación a tres das versións do texto; elaboración dos criterios de lematización e etiquetación e posterior aplicación ao texto da versión interpretativa).
3. Estudo paleográfico.
4. Estudo gráfico.
5. Estudo fonético.

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Mariña Arbor Aldea

Mercedes Brea López

Alexandre Rodríguez Guerra

Financiamento

PGIDIT06XIB240159PR

6. Estudo morfolóxico.
7. Estudo léxico e onomástico.
8. Estudo sintáctico.
9. Estudo da variación dialectal.

Nestes momentos están concluídos os puntos 1 e 3, moi avanzados os puntos 2 e 4 (falta, loxicamente, a parte de

intervención informática, para a que é preciso dispoñer de financiamento) e en pleno desenvolvemento o punto 5.

XELMÍREZ (Corpus Lingüístico da Galicia Medieval)

Baixo esta denominación xeral agrúpanse varios proxectos complementarios que o equipo de traballo vén realizando no eido da lingüística de corpus desde o ano 1992 no Instituto da Lingua Galega. Desde aquel ano foron moitas as persoas que contribuíron, dunha ou doutra maneira, ao arrequentamento e avance do corpus Xelmírez; durante o ano 2006 formaron parte do equipo Alexandra Cabana Outeiro, Amparo Cereixo Silva, Xosé Luís Couceiro Pérez, Lorena Domínguez Mallo, Ana García García, Ricardo Gutiérrez Pichel, Ramón Lorenzo Vázquez, Ramón Mariño Paz, Paulo Martínez Lema e Xavier Varela Barreiro (dir.). Contouse coa colaboración dos alumnos de 5º curso da titulación de Filoloxía Galega da USC, que prepararon para o corpus dúas obras de extracción portuguesa: o *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende* e o *Foro Real*, tradución do *Fuero Real* do rei castelán Afonso X.

A utilización do corpus, sobre todo o TMILG, tivo un crecemento exponencial desde que se fixo accesible

on line. Na nova páxina web na que reaparecerá proximamente está prevista a inclusión dun apartado no que se recollan os traballos e publicacións propias do equipo e os realizados ou publicados por persoas ou institucións externas en cuxa realización fose empregado o corpus. A modo de mostrar citáranse algúns eventos ou publicacións recentes nos que é destacable a presenza do Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega.

No índice do libro de homenaxe do Departamento de Filoloxía Galega a Ramón Lorenzo, publicado en 2005, figuran non menos de 10 traballos nos que, con ou sen cita dos autores, foron empregados os copiosos datos do TMILG (Rosario Álvarez, Xosé Xove, Xosé Luís Couceiro, Ramón Mariño, Eduardo Moscoso, Xulio Sousa, Xavier Varela, Francisco Fernández Rei, Manuel González, Esther Corral e Pilar Lorenzo).

No programa do Simposio do ILG de 2004 (*Lingua e territorio*) presentaron traballos con información do TMILG varios dos conferenciantes,

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Alexandra Cabana Outeiro
Amparo Cereixo Silva
Xosé Luís Couceiro Pérez
Lorena Domínguez Mallo
Ana García García
Ricardo Gutiérrez Pichel
Ramón Lorenzo Vázquez
Ramón Mariño Paz
Paulo Martínez Lema

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Páxina web

<http://www.ti.usc.es/TMILG/>

como se verá cando se publiquen as actas (F. Fernández Rei, I. Bravo, M.L. Vázquez, A. Santamarina, X.A. Álvarez, Xacinta Varela, F. Fernández Rei, M. González, K. Veiga, M. Vilasó).

No programa do Simposio do ILG de 2005 (*Na nosa lyngoage galega*) compareceron (e comparecerán nas actas cando se publiquen) varios traballos con información, nalgúns copiosa, do TMILG (L. Méndez, R. Rodríguez, Xaime Varela, A. Cabana, R. Gutiérrez, A. Rodríguez, X. Varela, A. Boullón, D. González, H. Monteagudo, R. Álvarez, M. López, E. Moscoso, R. Lorenzo).

O mesmo se pode dicir do Congreso Galego de Onomástica de 2006, celebrado no mes de outubro en Pontevedra, no que foi igualmente intenso o emprego das bases do TMILG por moitos dos participantes.

1. TMILG. Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega

É, dentro do *Xelmírez*, a liña máis avanzada e de maior proxección externa. Trátase do subcorpus das obras e coleccións documentais redactadas en romance galego na Galicia medieval. Durante este ano mantívose accesible na rede unha versión sen lematizar e sen marcaxe onomástica. Para os seus traballos o grupo de investigación dispón xa dunha versión dos textos na que está rematada a marcaxe onomástica e segue o seu curso o proceso de lematización. No mes de setembro retirouse da páxina web na que estaba residente

para depositalo na páxina propia do Instituto da Lingua Galega, na que volverá estar accesible en breve.



Os traballos realizados no TMILG durante este ano incidiron sobre todo na compilación de novos materiais textuais que de forma incesante foron pasando a formar parte das bases do corpus. Este labor realizárono maiormente os catro bolseiros do proxecto (Ricardo Gutiérrez Pichel, Paulo Martínez Lema, Lorena Domínguez Mallo e Ana García García).

No momento de redactar esta memoria o número de obras incorporadas no decorrer do ano ascende a 30, case todas de carácter notarial: O mosteiro feminino de San Miguel de Bóveda na Idade Media. | O antigo mosteiro de Santiago de Ermelo. | O Mosteiro de San Salvador e San Nicolás de Cis. | Documentos arcebispaís no Tombo H da Catedral de Santiago: Gómez de Mendoza e Lope de Mendoza. | Notarios de Baiona (1). Lourenço Martins (1365-1404). | Historia do mosteiro de San Salvador de Bergondo. | Historia

do Convento de Santo Domingo de Pontevedra. | O pedido de 1455 no Reino de Galicia. | Un pleito recorrente: o mosteiro de Armenteira contra os clérigos da igrexa de San Gaijo do Val de Marín (1320-1389). | Tombo B da Catedral de Santiago. | Colección Diplomática do Mosteiro de Vilanova de Oseiros. | Os Oseiros nos ss. X-XIII. | Pontevedra nos séculos XII a XV. | Os documentos do tomo de Toxosoutos. | Santa María de Oseira (IV). | San Salvador de Sobrado de Trives. | Santa María de Ferreira de Pallares. | Santa María de Castro de Rey. | Toponimia do Concello de Pontedeume. | Tombo de Caaveiro. | Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro. | Fernán Pérez de Andrade. | San Salvador de Celanova (I). | O mosteiro de Celanova en Compostela. | Unión de Toxosoutos a Sobrado dos Monxes. | Peste Negra en Galicia. | Un acoutamento medieval na comarca compostelá. | Santo Estevo de Chouzán. | A cantiga de Valcavado (edición propia).

Queda aberta unha nova vía de traballo coa incorporación do TMILG ao máis ambicioso proxecto lexicográfico do ILG para os próximos anos: o *Dicionario Histórico da Lingua Galega*. Aproveitando a celebración en novembro do simposio anual do ILG, o director do dicionario, Antón Santamarina, presentouno oficialmente. Nel o TMILG será a base documental da que se nutra para o período medieval e o TILG a dos períodos moderno e contemporáneo.

Este ano foi produtivo tamén no referente ás relacións entre os proxectos propios do ILG e ás destes con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do TMILG, xuntamente cos do TILG e os dos dicionarios de dicionarios (moderno e medieval), iniciou unha relación estable co equipo do Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo. O obxectivo primeiro é a construción dunha plataforma de recursos informatizados para a investigación da lingua galega. Con este fin solicitouse e obtívose do Ministerio de Educación e Tecnoloxía subvención para tal proxecto, chamado Recursos Integrados para o desenvolvemento de Lingua Galega, durante un período de tres anos. Neste tempo realizaranse os traballos de construción da plataforma, na que, partindo dunha homoxeneización da codificación, integraranse os corpóra e os dicionarios das dúas institucións (SLI e ILG). O reto concreto do TMILG, afrontado xa no 2006, vai ser a lematización do corpus.

A información da que dispoñemos acerca do uso do TMILG indica que é un corpus de ampla aceptación e emprego; son varios centos os seus usuarios, sobre todo investigadores e que é consultado profusamente.

2. TMILP. Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Portuguesa

Xa nos seus inicios, a comezos dos anos 90, o equipo de traballo marcouse o obxectivo de construír un corpus que

comprendese textos ao norte e ao sur do río Miño e da franxa occidental de Asturias, León e Zamora. En diferentes momentos, como resposta a necesidades concretas dos traballos do equipo na altura, fóronse informatizando e etiquetando obras do Portugal medieval de tipoloxía variada. Na actualidade son máis de 100 as obras que, en diferente fase de preparación, están ao dispor do equipo. Citaremos só algunhas das máis significativas: *Livros de Linhagens*, *Tempos do preitos*, *Livro de bens de dom João de Portel*, *Crónica Geral de 1344*, *Livro de Joseph de Arimateia*, *Arte de bem cavalgar toda sela*, *Demanda do Santo Graal*, *Foros de Castelo Rodrigo*, *Foro Real*, *Primeira Partida*, *Livro das aves*, *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*, documentos de Clarinda Maia, documentos de Ana Maria Martins, etc.

A codificación empregada é a mesma do TMILG e a súa posta en rede está condicionada pola precariedade da situación financeira. Neste sentido acabamos de abrir unha colaboración co equipo dos Profesores João Malaca Casteleiro (Academia das Ciências de Lisboa) e Maria Francisca Xavier (Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa), que esperamos que acabe dando lugar ao desexable e esperado corpus medieval conxunto galego-portugués. A colaboración ampliarase no futuro á elaboración do *Dicionario medieval galego-portugués*, botado xa andar polo equipo lisboeta co seu *Dicionário do Português Medieval*

e que deberá ser redefinido no futuro para axeitalo ao novo horizonte.

3. TMILL. Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina (Galicia)

Os traballos de preparación dos textos de coleccións documentais pluri-lingües foi achegando ao Xelmírez un importante número de documentos e obras labrados en latín. Na actualidade a cifra está preto de 5.000, o que fai do TMILL un corpus bastante representativo do latín medieval galaico. Dada a existencia desde hai moitos anos do CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae) e a posibilidade de consultalo on line, non é previsible a posta en rede do TMILL. Mais as facilidades que reporta contar con tantos documentos latinos homologados na súa etiquetaxe aos do TMILG fan imprescindible continuar arrequeitando as súas bases textuais. Sen eles non sería posible avanzar, como se está a facer, nos traballos propios de carácter onomástico (nestes momentos só toponímico) e de sociolingüística histórica (emerxencia do romance fronte ao latín e posterior decadencia do galego fronte ao castelán). Neste ano incorporáronse arredor de 800 documentos latinos.

4. TMILC. Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá (Galicia)

A presenza de documentos labrados en castelán entre a documentación procesada estase aproveitando para ir construíndo no ILG un corpus do castelán de Galicia que abraza todo o período medieval. Na actualidade

son 2.500 os documentos preparados. 500 deles fórono este ano. No futuro ampliaremos o arco cronolóxico, comezando pola Idade Moderna, na procura dun subcorpus en castelán que vai permitir encher algunhas lagoas sobre todo léxicas e onomásticas,

pero tamén fonéticas e morfosintácticas ás que condena a precariedade do galego escrito no período medio da nosa historia. Está previsto que nese momento o TMILC pase a chamarse CHCG (Corpus Histórico do Castelán de Galicia).

Gramática Histórica da Lingua Galega

A realización desta obra foi o que motivou a posta en marcha da construción dun corpus do galego medieval. Durante bastantes anos quedou relegada a un segundo plano e os esforzos centráronse sobre todo nos traballos do TMILG. As achegas do equipo neste terreo foron aparecendo como traballos individuais sobre aspectos puntuais do programa conxunto da obra. Nos seus logros e resultados e nos de persoas alleas ao equipo que tiveron acceso aos datos é parte fundamental o TMILG, pois sen o corpus ningún

deles sería posible e en moitos casos non son outra cousa que unha presentación ordenada dos datos, polo que, de facto, os forxadores do TMILG pódense considerar dalgún xeito coautores deles. Tamén, por suposto, naqueles casos nos que non se fixo cita ou nos que a cita foi incorrecta ou non tan precisa como debería.

A *Gramática Histórica* está coordinada por Xavier Varela. Ten abertos na actualidade os traballos de tres dos seus catro volumes (I: Fonética e fonoloxía; II: Morfoloxía; III: Sintaxe; IV:

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Amparo Cereixo Silva

Ramón Mariño Paz

Alexandre Rodríguez Guerra

Financiamento

sen financiamento externo específico

The screenshot displays the AOGM (ILG) software interface, which is a complex form for linguistic analysis. The interface is divided into several sections:

- Top Menu Bar:** Contains various icons and labels for navigating the software.
- Main Text Area:** Displays a sample sentence in Galician: "en esta manita, tomou hús coitelo en sua mui eila...".
- Linguistic Features Table:** A large table with multiple columns and rows, organized into sections like "Proposición", "Súa", "CD", "CP", "CC", "PRE", "Podería". Each row represents a linguistic feature, and each column represents a specific value or category for that feature.
- Bottom Status Bar:** Shows the page number "100" and other navigation controls.

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Amparo Cereixo Silva
 Lorena Domínguez Mallo
 Ana García García
 Ricardo Gutierrez Pichel
 Paulo Martínez Lema

Financiamento

sen financiamento externo específico

Léxico). No eido da fonética fóronse publicando diferentes traballos. Destacan os realizados por Ramón Mariño, que é o responsable da coordinación do primeiro volume. No terreo da morfoloxía fixéronse moitos traballos, algúns como publicacións e outros como traballos académicos (TADs, TITs, memorias de licenciatura e teses de doutoramento). O coordinador do volume é Xavier Varela. Para o tomo da sintaxe elaborouse unha base de datos (AOGM) na que se vén realizando desde os anos 90 análise oracional.


O número de oracións analizadas ascende a 40.000. Unha parte importante delas foi feita por Amparo Cereixo, que trata na súa tese de doutoramento a función de Complemento Indirecto en galego medieval. Son súas todas as fichas introducidas en 2006. Pola súa banda, Alexandre Rodríguez, coordinador do volume de sintaxe, ten varias publicacións recentes que consisten en achegas parciais en dominios inexplorados da sintaxe medieval e ten redactado un primeiro borrador da historia da oración simple.

Dialectoloxía Medieval Galego-Portuguesa

É este un proxecto que está aínda en fase de maduración. O gran volume de textos do TMILG e do TMILP e a cobertura documental de practicamente todo o territorio cunha rede textual moi mesta para cada século medieval ponnos na mellor das situacións para abordar por primeira vez o estudo sistemático da variación dialectal na lingua escrita do occidente peninsular. Isto animounos a reflexionar sobre a maneira de enfocar a metodoloxía de traballo e sobre a intervención que haberá que facer sobre os corpóra e os cambios na DTD e na codificación dos textos.

No último trimestre do ano mantivéronse reunións para establecer unha batería de fenómenos dialectais que figuren nos textos e que permitan empezar a balizar no territorio do Oc-

cidente medieval as grandes zonas por diferenciación entre si e por homoxeneidade e unidade lingüística interna.



IP

Henrique Monteagudo Romero

Equipo

Antón Lado Lago

Josep Lluís Capón García

Raquel López Rodríguez

Silvia Viso Pérez

Financiamento

convenio co Consello da Cultura Galega; protocolo de colaboración entre a Consellería de Innovación e Comercio da xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega

Proxectos en cooperación

Publicación da *Obra de 660 pliegos* ao abeiro do Convenio asinado co Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Durante o ano 2006 ideouse e creouse unha base de datos para o asentamento e posterior aproveitamento dos datos gráficos. Na actualidade están introducidos nela e codificados os materiais íntegros do *Cancioneiro da Ajuda*. Dela están tirados os datos dun traballo de próxima publicación sobre a alternancia <i> / <y> nos ditongos decrecentes (Xavier Varela e Mariña Arbor).

Os tests aos que se someteu a base de datos amosan a súa validez como

instrumento para continuar traballando con novas obras. Temos petando na porta nestes momentos os catro códices das *Cantigas de Santa María* e o *Tratado de Albeitaría* (este como resultado dos traballos do profesor e dos alumnos do curso de doutoramento “Gramática histórica galega. Cuestións de fonética e morfosintaxe” do curso 2005-2006, impartido por Xavier Varela).

Proxecto Sarmiento (ILG/CCG)

O proxecto “Martín Sarmiento. Obras completas” acomete, por medio dun equipo interdisciplinario de especialistas, a tarefa de recuperación e edición da obra escrita de Sarmiento, consistente na súa dixitalización, transcripción e estudo, ademais da elaboración dun rexistro exhaustivo de fondos manuscritos. O Instituto da Lingua Galega colabora neste inxente proxecto e pon á súa disposición, amais das instalacións, todo o material de apoio, dicionarios, enciclopedias, libros de consulta, etc., que contribúen a que este traballo vexa a luz.

No momento actual xa foron transcritos cinco tomos. Ademais, a transcripción dos tomos XIII e XIV conta xa cun aparato de notas a pé de páxina, elaborado por un latinista especializado, Xosé Antón López Silva, que se fará extensivo ao resto de volumes.

A publicación constará da transcripción íntegra dos tomos acompañada da

reproducción das figuras e debuxos que se atopan no orixinal, así como dunha selección de láminas achegada por nós con base a dous criterios: a súa relación con temas abordados na obra, ou ben por tratarse de material citado polo propio Sarmiento. Neste sentido, para o tomo XIII xa rematamos, mediante fotografado, a selección do material gráfico que se inserirá no volume, procedente da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.



A transcripción de cada un dos tomos virá precedida por unha reprodución das súas respectivas portadas. Igualmente, será incluída nos cinco tomos a reprodución dun retrato de Sarmiento, de Ysidro Carnizero, gravado en Madrid en 1774 por Francisco Muntaner.

Na actualidade o traballo céntrase na edición dos cinco tomos que configuran a *Obra en 660 Pliegos*. Os tomos XIII, XIV e XVI están en proceso de pre-impresión. Os tomos XV e XVII, ao igual que o volume de estudos, notas e índices da devandita *Obra* remataranse ao longo do ano 2007 coa previsión de seren publicados no ano 2008. Henrique Monteagudo Romero será, ao igual que no caso de *Martinus contra Martinum*, o editor da publicación.

O interese da obra de Sarmiento, na que a temática galega ten un peso incuestionable, transcende con moito

os límites do noso país. Trátase dunha figura capital do tempo da Ilustración, e a súa vasta experimentación e recolleita de datos senta, en moitos casos, as bases dos futuros discursos científicos. Este é o motivo polo cal o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), mediante o correspondente convenio, se fará cargo da publicación da *Obra en 660 pliegos*.

Aínda sendo as dúas obras anteriormente citadas dúas das máis significativas de Sarmiento, pola magnitude e heteroxeneidade dos seus textos, consideramos oportuno non deixar de prestarlles atención a outros títulos relevantes. De acordo con esta idea, foron transcritos os *Códigos góticos de la Librería de San Isidro de León y del Archivo de la Catedral* e na actualidade estamos traballando co *Privilegio gótico del rey don Ordoño II*.

Sección de Lexicografía

Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG) e Dicionario da lingua galega (base de datos lexicográfica)

Durante o ano 2006 o proxecto incorporou setenta e sete novas obras á base. No corpus figuran na actualidade 1.590 textos, xa tratados, lematizados e listos para a consulta. O proxecto realízase na sección de Lexicografía do ILG baixo a dirección de Antón Santamarina. O traballo ten como resultado visible neste momento do proceso a creación dunha base de da-

tos lematizada que está ao dispor dos investigadores no sitio <http://www.ti.usc.es/tilg/>, onde tamén constan os créditos, datos e documentación de interese.

IP

Antón Santamarina Fernández

Equipo

M^a. Belén López Gómez

María Rodríguez Suárez

Xandra Santos Palmou

Inma Seage Freire

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Páxina web

<http://www.ti.usc.es/TILG/>

IP

Ernesto X. González Seoane

Equipo

María Álvarez de la Granja

Ana I. Boullón Agrelo

Fernando Groba Bouza

Ramón Lorenzo Vázquez

Raquel Rodríguez Parada

Damián Suárez Vázquez

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Diccionario de diccionarios do galego medieval (DDGM)

A finais de 2006 apareceu a primeira versión (libro e CD) deste diccionario de diccionarios: E. González Seoane / M^a Álvarez de la Granja / A. I. Boullón Agrelo (2006): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.

Durante este ano o equipo proseguiu coas tarefas de preparación da segunda edición da obra, que ten por obxectivo complementar de maneira moi significativa o corpus de textos que contiña a primeira edición e, ao tempo, introducir algunhas melloras técnicas no programa.

No proceso de elaboración do DDGM, e, máis precisamente, da súa segunda edición, poden distinguirse as seguintes tarefas:

- (a) localización das obras,
- (b) escaneado ou mecanografado dos textos,
- (c) corrección do escaneado e depuración de erros,
- (d) marcaxe manual dos textos,

- (e) etiquetaxe automática,
- (f) revisión da etiquetaxe,
- (g) indexación e integración no DDGM.

Os traballos nesta anualidade centráronse na marcaxe manual de todos os textos que van ser incorporados e iniciouse xa o proceso de conversión das marcas manuais en etiquetas XML. Este traballo, xunto co de revisión da etiquetaxe, preténdese continuar ao longo de 2007.

*Diccionario de diccionarios da lingua galega*

Durante o 2006, os traballos do proxecto *Diccionario de diccionarios* centrouse na corrección dos textos e na preparación de dous pequenos vocabularios:

1. ms 7208 da BN transcrito por Leite de Vasconcellos na *Revista Lusitana* vol. VII fasc. 3, p 198-229. Non

ten data pero por referencias que hai nalgúns entradas deducimos que é posterior (pero non moito) a 1843.

2. ms 11-5-1/947-1 da BH editado por J. L. Pensado en *Homenaxe a Otero Pedrayo*. Tamén é do XIX.

Está pendente de etiquetar o vocabulario de Paisal (ou Paizal).

IP

Antón Santamarina Fernández

Equipo

María Rodríguez Suárez

Xandra Santos Palmou

Inma Seage Freire

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

IP

Ana I. Boullón Agrelo
Xulio C. Sousa Fernández

Equipo

Rocío Dorado Fernández
Raquel Rodríguez Parada

Financiamento

convenio coa Real Academia
Galega

Páxina web

<http://servergis.cesga.es/web-site/apellidos/viewer.asp>

Sección de Onomástica


Cartografía dos apelidos galegos

En novembro deste ano presentouse a páxina que permite o acceso á Cartografía dos apelidos de Galicia. A aplicación web permite que os usuarios interesados poidan coñecer a distribución dos apelidos no territorio galego sobre un mapa de concellos. O traballo comezou coa depuración da base de datos do censo de poboación de 2001.

A partir desta base de datos realízase a representación cartográfica, que agora consta de 5.481.678 ocorrencias, que corresponden a 42.206 variantes. Os investigadores principais supervisaron o desenvolvemento da aplicación informática e encargáronse de deseñar unha páxina complementaria que ofrecerá información sobre o proxecto e axuda para a realización das consultas.

Desde o 17 de novembro de 2006 ao 16 de febreiro de 2007 a aplicación for-

mou parte da exposición de conmemoración do centenario da Real Academia Galega: *Galicia, a forza da palabra*.



Estatísticas xerais	
Período	01/12/06 11:56:22 - 31/12/06 23:59:43
Can. total de acertos exitosos	944.541
Número de impresións de páxinas	0
Can. total de sesións de usuario	6.499
Sesións de usuario dende España	16,84%
Sesións de usuario internacionais	66,41%
Sesións de usuario de orixe descoñecida	16,74%
Media diaria de acertos	30.469
Número media de impresións de páxinas por día	0
Media diaria de sesións de usuario	209
Duración media dunha sesión de usuario	N/A

Táboa de estatísticas das consultas realizadas na web no mes de novembro

Estatísticas xerais	
Período	01/12/06 11:56:22 - 31/12/06 23:59:43
Can. total de acertos exitosos	1,782,455
Número de impresións de páxinas	0
Can. total de sesións de usuario	61.782.455
Sesións de usuario dende España	15,14%
Sesións de usuario internacionais	70,43%
Sesións de usuario de orixe descoñecida	14,41%
Media diaria de acertos	59.415
Número media de impresións de páxinas por día	0
Media diaria de sesións de usuario	495
Duración media dunha sesión de usuario	N/A

Táboa de estatísticas das consultas realizadas na web no mes de decembro.

Diccionario dos apelidos galegos

A finalidade do proxecto *Diccionario dos apelidos galegos* é elaborar unha obra que ofrezca información detallada sobre a orixe etimolóxica, a distribución territorial, a datación, as variantes formais e gráficas, etc. dos apelidos galegos. O diccionario pretende estudar preto de 18.000 apelidos seleccionados pola súa frecuencia no territorio administrativo galego. A selección da entrada que en-

cabezará cada artigo lexicográfico atenderá a un criterio máis ben etimolóxico, e en segundo lugar, a un criterio cuantitativo. Durante o ano 2006 seguiu-se traballando na confección das entradas. Foi necesario realizar modificacións na microestrutura para incorporar, en determinados casos, a información procedente dos mapas do proxecto *Cartografía dos apelidos de Galicia*.

Patronymica Romanica

A finalidade do proxecto é a publicación dun diccionario histórico de nomes de persoa e de familia románicos, *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane (PatRom)*. Este é un proxecto colectivo realizado por un equipo internacional composto por dezaioito grupos de investigación. O grupo de Galicia está constituído por Ramón Lorenzo Vázquez e Ana I.

Boullón Agrelo. O grupo colabora na elaboración das sínteses correspondentes ao dominio lingüístico galego. Durante este ano enviáronse materiais para o seguinte volume do *Dictionnaire*. En 2007 está prevista a publicación das introducións, o *cahier des normes*, e as bibliografías rexionais dos distintos dominios lingüísticos. Tamén se continuou aumentando as entradas da

IP

Ana I. Boullón Agrelo
Gonzalo Navaza Blanco (UVigo)
Antón Palacio Sánchez (UVigo)

Financiamento

sen financiamento externo específico

IP

Ana I. Boullón Agrelo
Ramón Lorenzo Vázquez

Financiamento

sen financiamento externo específico

base de datos de onomástica medieval (correspondente á literaria, da poesía profana e das *Cantigas de Santa María*: 743 entradas), dos séculos escuros (do *Catastro de Ensenada*, con novas incorporacións procedentes dos materiais

inéditos do de Betanzos: 2.147 entradas; de libros de bautizados de Verís-Irixoa das últimas décadas do séc. XVII: 653 entradas), de alcumes (de Cercedo, Bembrive e Lérez).

Inventario Toponímico Medieval

O anuncio deste proxecto na memoria de 2005 viuse referendado polo desenvolvemento de diversas actividades encamiñadas a poñelo en marcha definitivamente en 2006. Durante este ano os membros do equipo, Xavier Varela e Paulo Martínez, estudaron as posibilidades reais e as necesidades que é preciso cubrir para facer operativo o inventario e convertelo nun instrumento básico de investigación onomástica. Na primeira parte do ano abandonouse un des-

eño experimentado sen éxito en 2005 (comezaran a procesarse datos do TMILG ata un número de 35.000 topónimos) e creouse unha base de datos, en ACCESS, que se dotou dun deseño especialmente atento ás peculiaridades da toponimia e da documentación medievals. Procurouse que a base e o proxecto quedase aberta á integración no futuro en proxectos maiores, como o da Toponimia da Xunta de Galicia, co que se mantiveron uns primeiros contactos preparatorios.

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Paulo Martínez Lema

Financiamento

sen financiamento externo específico

Na segunda parte do ano decidiuse introducir os datos toponímicos contidos no *Xelmírez* de forma gradual. Pola proximidade da súa publicación e o interese dos datos contidos na súa documentación, comezouse polo *Tombo de Toxos Outos*, editado por F.J. Pérez. Aproveitouse e aproveitárase no futuro para facer unha nova revisión da marca onomástica do arquivo electrónico e foron enviados os datos á base. O resultado foi o asentamento das primeiras 6.361 fichas do Inventario. Nelas recóllese a seguinte información:

- a) Contexto na obra.
- b) Datos da obra (acrónimo, nome estandarizado, volume, capítulo e páxina).
- c) Datos cronolóxicos (século e ano).
- d) Datos xeográficos (medievais: lugar correspondente ao autor; contemporáneos: lugar, concello, comarca, provincia, fregue-

sía, arciprestado e diocese; coordenadas xeográficas, cando é posible).

- e) Datos glotolóxicos (lingua do documento, lingua do topónimo, etc.).
- f) Datos morfoléxicos (lema medieval en romance e latín, lema moderno, etc.).
- g) Datos tipolóxicos (tipoloxía referencial da unidade ou cadea toponímica).

Nestes momentos ten case rematada Paulo Martínez a codificación das 6.361 fichas e con elas realizará o seu TIT, consistente na confección do inventario toponímico do Tombo de Toxosoutos e no estudo dun grupo reducido de orónimos. A colección coa que se vai continuar é a da documentación do mosteiro de San Salvador de Celanova, editados por M.B. Vaquero.

Outras actividades

Simposio do ILG : A lexicografía galega do século XXI

O Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela vén organizando desde o ano 2001, de forma ininterrompida e con periodicidade anual, un simposio dedicado a un tema específico e de interese para a nosa comunidade científica. Con esta iniciativa o ILG pretende impulsar a investigación e a reflexión naquelas parcelas da lingüística galega que ou ben están hoxe desatendidas ou non están aínda desenvoltas. Nos anteriores simposios abordáronse con novos enfoques aspectos relevantes da tradición lingüística da filoloxía galega coa participación de especialistas da USC, das outras universidades galegas e doutras universidades españolas ou estranxeiras. As actas destes simposios foron aparecendo regularmente e como publicación dan fe do esforzo, do labor, das colaboracións e dos resultados que esta iniciativa fomenta e suscita no ámbito da investigación sobre a lingua galega e da súa permanente renovación.

Para 2006 o tema acordado foi o da *Lexicografía galega do século XXI*. A disciplina lexicográfica foi das máis madrugadoras na historiografía lingüística galega; a mediados do séc. XVIII, un século antes de que comezase o Rexurdimento, foi Sarmiento quen pensou na compilación de dicionarios galegos, un deles da lingua moderna, outro das voces latino-bárbaras da Galicia medieval e outro do galego antigo ata 1500. El mesmo recolleu moitas

voces para a redacción dun dicionario do galego moderno, que nunca chegou a organizar en forma canónica de dicionario. Nos douscentos anos posteriores (ata os anos setenta do século XX) a produción de estudos lingüísticos sobre o galego foi moi escasa, salvada a lexicografía, que deu algúns dicionarios moi valiosos. Nos últimos 35 anos a lingüística galega coñeceu un desenvolvemento considerable e dentro dela a lexicografía. Aínda así a lexicografía galega actual non está á altura que require o nivel de normalización lingüística acadado, nin o que é previsible ou esperado para o futuro, pois hai carencias graves e tarefas moi importantes por acometer. Neste sentido foi pensado o presente simposio.

A lexicografía como técnica coñeceu un desenvolvemento espectacular nestes últimos 50 anos; as grandes linguas e tamén moitas linguas pequenas teñen ademais de dicionarios de lingua, cada vez con información máis exacta e exhaustiva, un abano grande de dicionarios para diferentes necesidades. Por outra parte na actualidade a informática converteuse nun auxiliar de valor incalculable para os traballos lexicográficos en canto (i) permite con relativamente pouco esforzo compilacións de bases de datos que obvian os laboriosos baleirados manuais; (ii) facilita a escritura dos dicionarios; (iii) fai máis doada a publicación (calquera que sexa o soporte); e (iv), se o soporte é electrónico, a información é de acce-

so máis áxil e variado (mesmo a distancia, se é vía internet).

Pola súa vez o galego hoxe é unha lingua con moita documentación. Están por unha parte todos os materiais de carácter dialectal recollidos nos diferentes atlas e monografías lingüísticas, moitos deles xa en formato electrónico; e por outra están as bases de datos lexicográficas baseadas en textos escritos, tanto medievais como modernos (incluída unha boa parte dos dicionarios referidos ás dúas etapas). Hai mesmo moito material bruto en formato electrónico que tamén é utilizable con fins lexicográficos.

Tendo en conta que en Galicia neste momento hai algúns traballos en fase de execución e outros con previsión de seren botados a andar en breve, pareceu oportuno dentro do ILG dedicar o simposio do curso actual aos dicionarios e convocar como relatores tanto investigadores de universidades e institucións galegas que desenvolven traballos nesta área, como investigadores de universidades e institucións de fóra que desenvolven traballos semellantes, algúns deles en fase de execución máis avanzada.

Decidiuse que participasen, ademais dos investigadores do ILG que desenvolven a súa investigación nesta área, algúns profesores doutras universidades que teñen proxectos (ou xa produtos) nas súas linguas, semellantes aos previsibles para o galego (Porto Dapena Diccionario Coruña, Alvar Te-

soro, Messner DDP) ou representantes de institucións con responsabilidades na planificación dos respectivos países (RAE, ACP, ACL, Crusca).

A riqueza da disciplina lexicográfica aconsellou modular a planificación dos contidos e das conferencias respectivas. Pensamos en varias agrupacións e focos de interese, que apareceron materializados concretamente nos títulos das conferencias. Consideráronse seis núcleos na composición da estrutura do simposio:

1. O estado actual de desenvolvemento das tecnoloxías da linguaxe e a súa utilidade no traballo do lexicógrafo.
2. Os recursos lexicográficos informatizados da lingua galega existentes na actualidade.
3. Os recursos lexicográficos informatizados doutras linguas existentes na actualidade.
4. Aspectos metodolóxicos e teóricos da lexicografía actual.
5. O labor lexicográfico das academias.
6. A planificación e posta en marcha do *Diccionario histórico da lingua Galega*.
7. O papel do dicionario como fonte lexicográfica para o escritor.

De cada núcleo temático ocupouse un grupo de investigadores e sobre el elaboraron contribucións orixinais por encarga expresa do comité organizador e para seren publicadas posteriormente.

Os destinatarios do simposio foron tanto os estudantes de filoloxía, como complemento e reforzo da súa formación, coma os profesores de ensino medio e universitario, como vía para actualizar os seus coñecementos e arrequeutar as súas perspectivas, ou os novos investigadores, para que orienten o seu labor cara a este suxectivo campo de estudo.

As conferencias pronunciáronse na Facultade de Filoloxía e na sede da Real Academia Galega, en sesións dobres que remataron cun coloquio no que conferenciantes e asistentes puideron intercambiar ideas e puntos de vista. Na sesión final houbo un módulo no que se presentaron unhas conclusións globalizantes do simposio.

Para os estudantes obtívose convalidación por un crédito de libre configuración. Fíxose control de asistencia por medio de sinaturas. Entregóuselles diploma de asistencia ás persoas que asistiron, cando menos, ao 70% das sesións.

A organización correu ao cargo dun Comité Organizador formado por Antón Santamarina Fernández, Ernesto González Seoane, Xavier Varela Barreiro e Paulo Martínez Lema. O Comité Científico estivo formado por Antón Santamarina Fernández (Presidente), Telmo Verdelho (Univ. de Aveiro, Portugal), Dieter Messner (Univ. de Salzburgo, Austria), Pär Larson (Istituto del CNR, Italia),

Ernesto González Seoane (ILG-USC) e Francisco X. Varela Barreiro (ILG-USC).

Canto á inscrición, púxose unha limitación de 100 matriculados por mor da capacidade da sala. A selección fíxose por orde de inscrición. A cota foi de 30 euros. Diversos organismos contribuíron a financiar o simposio. Contouse con axudas do Instituto da Lingua Galega, do Departamento de Filoloxía Galega, do Vicerreitorado de Investigación e Innovación, da Real Academia Galega, do Consello da Cultura Galega e do Ministerio de Ciencia y Tecnología.

Da repercusión que tivo o simposio na nosa comunidade e fóra dela fixéronse eco os medios de comunicación e a web de centros e institucións académicas durante todo o mes: *Galicia Hoxe*, *La Voz de Galicia*, o *Xornal* electrónico da USC, a páxina web de *Vieiros*, etc.

Participaron neste congreso:

María Xesús Bugarín López: “O Galego fundamental. Dicionario de frecuencias”.

Francisco Fernández Rei - Carme Hermida Gulías: “O *Arquivo do Galego Oral* e o seu aproveitamento lexicográfico”.

Xulio C. Sousa Fernández: “A base de datos lexicográfica do *Atlas Lingüístico Galego* (ALG) e o seu aproveitamento”.

Fernando Groba – Raquel Rodríguez ; Damián Suárez – Xandra San-

tos: “Os dicionarios de dicionarios da lingua galega: DDMo - DDMe (ILG)”.

Paulo Martínez – Ricardo Gutiérrez; Inma Seage – María Rodríguez: “Os corpóra do Instituto da Lingua Galega: TILG – TMILG”.

Manuel González González (RAG): “O dicionario académico: criterios de elaboración”.

Antón Santamarina / Ernesto González / Xavier Varela: “O dicionario histórico da lingua galega”.

Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros 2005

Os cursos de verán de lingua e cultura galegas desenvolvéronse entre o 5 e o 28 de xullo. Este ano participaron no curso 120 alumnos procedentes de Alemaña, Arxentina, Brasil, Bulgaria, Canadá, Chile, Corea do Sur, Cuba, Estados Unidos, España, Estonia, Francia, Hungría, A India, Inglaterra, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, República Checa, Moldavia, Romanía e Xapón. Ademais das actividades docentes de cada un dos cursos, programouse unha serie de

conferencias a cargo de especialistas e profesores universitarios que axudaron a arrequentar o coñecemento da lingua e da cultura galega nos participantes.

Os *Cursos de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros e para Españóis de fóra de Galicia* están promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa Real Academia Galega e co Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago.



Colaboraron nestes cursos:

Bibliotecario

Fernando Groba Bouza

Secretaria

María Dolores Villanueva Gesteira

Profesores dos cursos elemental e medio

María Dolores Vilasó Martínez

María Pereira Maceda

Noa Pérez González

Sara Pino Ramos

Inma Seage Freire

Damián Suárez Vázquez

Silvia Viso Pérez

II Congreso Internacional de Onomástica Galega

O Instituto da Lingua Galega colaborou coa Asociación Galega de Onomástica na organización do segundo Congreso Internacional de Onomástica Galega, celebrado en Pontevedra entre o 19 e o 21 de outubro de 2006. Participaron no congreso máis dun cento de especialistas de toda Europa que distribuíron as súas contribucións nas distintas seccións: antroponimia, toponimia, lexislación, política lingüística, cartografía, onomástica literaria, didáctica toponímica, etc. Os profesores Henri Dorion (Canadá), Francesco Benozzo (Italia) e Francisco Villar (España) encargáronse das conferencias plenarias.

Participaron neste congreso:

Rosario Álvarez Blanco: “Dialectoloxía e toponimia. Aproximación a través dos topónimos derivados de FONT- “

Ana I. Boullón Agrelo: “Apelidos en perigo de extinción”.

Rocío Dorado Fernández: “Aproximación ao estudo da toponimia menor da parroquia da Devesa (Ribadeo)”.

Paulo Martínez Lema: “Antroponimia de Begonte”.

Raquel Rodríguez Parada: “Prenomes, patronímicos e sobrenomes en catro documentos notariais en galego do s. XV do Arquivo Histórico de Santiago”.

Antón Santamarina: “Sobre os topónimos Covelo/Cubelo”.



Xulio C. Sousa Fernández: “Dialectoloxía e antroponimia”.

Xavier Varela: “Sobre o corónimo Galicia na Idade Media”.

Ana B. Escourido Pernas: “Sobrenomes na parroquia de Miñotos (Ouro, Lugo)”

Xosé L. Regueira: “Patróns fónicos dos nomes de persoa”.

Fátima Rodríguez Ruibal: “Os nomes da casa de Amil (Moraña)”

Mónica Martínez Baleirón: “Aproximación á microtoponimia da beira do mar no Concello de Ribeira”

Día dos Sistemas de Información Xeográfica 2006

O día 16 de novembro celebrouse o Día Mundial dos Sistemas de Información Xeográfica (*Gis Day 2006*). Os usuarios e entidades relacionadas coa utilización dos SIX acostuman a participar activamente nesta celebración. En 2005 o ILG colaborou nas actividades organizadas polo SIT da USC para a celebración do GIS Day 2005. Neste ano o Instituto da Lingua Galega da USC organizou un actividade de divulgación dos SIX na investigación en lingüística.

A actividade enmarcouse nos actos da Semana da Ciencia 2006 organizados e subvencionados pola Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Educación y Ciencia e a Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología. Durante este día os interesados en coñecer os proxectos do ILG relacionados coa utilización dos sistemas de información xeográfica visitaron o centro e puideron coñecer o aproveitamento que destas ferramentas se fai na investigación lingüística.

Semana da Ciencia 2006

O Instituto da Lingua Galega da USC organizou por primeira vez unha actividade no marco da Semana da Ciencia. A actividade serviu para mostrar a utilidade da aplicación das ferramentas informáticas ao estudo da lingua. Durante a xornada do 15 de novembro o persoal do ILG fixo demostracións dos proxectos que se desenvolven no centro. A actividade, dirixida ao público en xeral, desenvolveuse nas instalacións do propio ILG.



Seminario do profesor Marcos Bagno

O profesor Marcos Bagno a Universidade de Brasília desenvolveu no mes de xuño un seminario organizado polo ILG titulado *A construción da norma: o caso brasileiro*. O profesor Marcos Bagno, autor de máis de 30 libros entre obras literarias e de divulgación científica, é coñecido pola súa crítica contra

a discriminación social motivada polo uso da lingua. As súas obras máis coñecidas son *A norma oculta - língua & poder na sociedade brasileira*, (2003), *Lingüística da norma* (2002), *Língua materna: letramento, variação & ensino* (2002), *Norma lingüística*, e *A língua de Eulália* (novela sociolingüística) (1997).

Homenaxe a Joan Coromines no seu centenario: Leceres e traballos dun filólogo

O Instituto da Lingua Galega e a Facultade de Filoloxía organizaron no mes de maio unha homenaxe dos filólogos galegos a Joan Coromines, dentro dos actos do *Any Coromines*, que impulsa a Generalitat de Cataluña con motivo da conmemoración do centenario do nacemento do lingüista catalán.



Na homenaxe participaron varios especialistas e coñecedores da obra lingüística e filolóxica de J. Coromines. O presidente da

Comissió Coromines, Joan Solà, ofreceu unha conferencia titulada “Importancia de Joan Coromines para a lingua catalá.” Antón Santamarina, membro do ILG e profesor da USC, Manuel Díaz y Díaz, profesor de Filoloxía Latina da USC, Gonzalo Navaza Blanco, profesor de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade de Vigo, e José Ignacio Pérez Pascual, profesor de Lingua Española da Universidade da Coruña, participaron nunha mesa redonda sobre “O dicionario etimolóxico de Joan Coromines e a historia do léxico hispánico”.

Convites e participacións

Os membros do ILG Rosario Álvarez, Antón Santamarina, Xosé Luís Regueira, Francisco Fernández Rei e Manuel González González participaron como

expertos no Foro participativo para a definición de usos e contidos da Cidade da Cultura, a instancias da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Ademais,

o profesor Francisco Fernández Rei formou parte tamén do Consello Asesor.

Os profesores Rosario Álvarez e Francisco Fernández Rei participaron como convidados no II Congreso de l'Aragonés (Alto Aragón-Zaragoza, 13-15 de xullo).

Os profesores R. Álvarez e Xulio Sousa foron convidados a participar no VIII Congreso Internacional de Estudos Galegos: *Galicia do outro lado do Atlántico: voces reunidas na Bahia*, celebrado en Salvador de Bahia entre o 12 e o 15 de setembro.

Colaboración co ALiB

O Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela está a colaborar con investigadores da Universidade Federal da Bahía no deseño das aplicacións informáticas que serán empregadas no *Atlas Lingüístico do Brasil (ALiB)*. O *ALiB* é un proxecto de carácter nacional que comezou no ano 1996 e que pretende realizar unha descrición da realidade da lingua portuguesa no Brasil. Este atlas ofrecerá aos interesados nos estudos lingüísticos un importante volume de datos que permitirá coñecer as principais variedades rexionais e sociais da lingua portuguesa no Brasil. A rede de puntos do *ALiB* está constituída por 250 localidades distribuídas

nos 8,5 millóns de quilómetros cadrados que abrangue o territorio brasileiro. Durante o mes de setembro o investigador do ILG e profesor da USC Xulio Sousa Fernández presentoulles aos directores e colaboradores do *ALiB* os proxectos de cartografía lingüística que se desenvolven no ILG da USC. O Instituto da Lingua Galega compartirá co comité do *ALiB* a súa experiencia no deseño de bases de datos de información xeolingüística e na utilización de sistemas de información xeográfica (GIS) para a representación e análise da información. O comité nacional do proxecto do *ALiB* está dirixido pola profesora Suzana Alice Cardoso da Universidade Federal da Bahía.

Biblioteca

A biblioteca do ILG está situada no propio centro e conta cunha sala de lectura cunha capacidade para 20 persoas e o seu horario é de 9:30 á 14:30 de luns a venres. Os seus fondos están relacionados coa lingüística, especialmente a

galega, aínda que destaca o importante fondo de literatura galega. Durante o ano 2006 recibíronse un total de 498 monografías, a maioría compradas a cargo de proxectos vinculados ao ILG, pero tamén de doazóns particulares e

de organismos públicos da comunidade e do resto de España.

Na actualidade a biblioteca está desenvolvendo un proxecto de catalogación dos fondos utilizando o pro-

grama *Meiga* da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. A intención da dirección é poñer a disposición dos investigadores o catálogo da biblioteca a través da internet.

Participación dos membros do grupo de investigación noutras actividades

R. Álvarez Blanco

Membro do Comité Científico no Congreso da *Asociación Internacional de Estudos Galegos* (Salvador de Bahia-Brasil, do 12 ao 15 de setembro de 2006).

Membro do comité de honra do *II Congreso Internacional de Onomástica Galega*, celebrado en Pontevedra os días 19, 20 e 21 de outubro de 2006, organizado pola Asociación Galega de Onomástica, o Instituto da Lingua Galega e a Universidade de Vigo.

María Álvarez de la Granja

Secretaria do *Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía* (Facultade de Filoloxía / Facultade de Humanidades. Santiago / Lugo, 19-22 setembro de 2006).

Investigadora participante no proxecto “Estudo contrastivo sociolingüístico e fraseolóxico entre o (baixo)alemán e o galego: a súa situación en Europa como linguas menores e análise da súa fraseoloxía como signo de identidade cultural”, financiado pola Consellería de Innovación e Industria desde o 3-6-2004 ata o 3-6-2006 (Investigador responsable: María del Carmen Mellado Blanco).

A. I. Boullón Agrelo

Membro do comité científico e do comité organizador *II Congreso Internacional de Onomástica Galega*, celebrado en Pontevedra os días 19, 20 e 21 de outubro de 2006, organizado pola Asociación Galega de Onomástica, o Instituto da Lingua Galega e a Universidade de Vigo.

F. Fernández Rei

“Afinidades lingüísticas entre os países atlánticos e Galicia”, conferencia pronunciada o 16 de febreiro en Mondoñedo e o 23 de febreiro de 2006 en Ribadeo nas *Xornadas da Cultura Atlántica Europea*, do proxecto COASTATLANTIC, no marco de INTERREG III B-ESPAZO ATLÁNTICO (organizadas pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia).

“Lingua, literatura e mar”, conferencia inaugural das *Xornadas sobre o mar*. Rías

Altas (Viveiro, 3 ao 7 de xullo de 2006, organizadas pola Consellería de Pesca e Recursos Mariños e pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).
 “25 anos de reivindicación lingüística e cultural no Bierzo”, conferencia pronunciada na 2ª Escola Permanente Fermín Penzol (Cacabelos - Vilafranca do Bierzo, 27-29 de outubro de 2006).

Concesión do XI Premio [2006] Xornalístico Manuel Rodríguez Portela polo artigo “O patrimonio inmaterial da Gallaecia”, publicado no xornal dixital Vieiros.
 Membro do xurado do “XI Premio [2006] Vicente Risco de Ciencias Sociais”, en representación da Fundación Sotelo Blanco.

Membro do xurado do “Premio de Tradución Plácido Castro 2005”, de tradución literaria e científica.

Membro do “Premio Literario 2006 da Fundación Valle-Inclán” na categoría de narrativa.

Membro do “XXI Premio [2006] Antón Losada Diéguez”, en representación da Real Academia Galega.

E. González Seoane

Membro do comité organizador e do comité científico do *Simposio A lexicografía galega do século XXI* (2-30 novembro 2006) organizado polo Instituto da Lingua Galega.

F. Groba Bouza

Membro do comité organizador do *Simposio A lexicografía galega do século XXI* (2-30 novembro 2006) organizado polo Instituto da Lingua Galega.

R. Lorenzo

